

ANUNCIO DO RESULTADO DE A BAREMACIÓN

De acordo coa Acta do Tribunal Cualificador, do día 16 de novembro de 2023, que se constituíu para valorar os méritos dos aspirantes admitidos/as que se presentaron para cubrir o posto de “**TRABALLADOR/A SOCIAL**”, dentro do proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego, por quenda libre e sistema concurso, consta o seguinte:

“

Cargo	Identidade
Presidenta	M. ^a Jesús Rodríguez Freire, Secretaria-Interventora do Concello
Secretaria	Sonia Pintos Pazos, Técnica de xuventude, orientación laboral e responsable da OMIX de Soutomaior.
Vogal	Cristina García Núñez, Directora-Psicóloga do CIM de Soutomaior.
Vogal	Ana María Pazos Sánchez. Traballadora Social do Concello de Ponte Caldelas
Vogal	Paula Casal Canabal. Avogada-Directora do CIM do Concello de Ponte Caldelas

Constituído o Tribunal Cualificador, proceden á valoración dos méritos aportados polas persoas aspirantes a praza de Laboral fixo. Grupo Clasificación II: “**TRABALLADOR/A SOCIAL**” convocada, de conformidade co establecido na Base sétima da convocatoria.

De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, en canto á Experiencia profesional :

- a) **A efectos do cómputo de servizos prestados, tense en conta como data límite a data de expedición do certificado de servizos prestados presentado polo/a aspirante.**
- b) **So se tiveron en conta os períodos de servizos prestados que constan en certificados expedidos polo órgano competente da Administración Pública de que se trate.**
- c) **Non se tiveron en conta os días nin as fraccións inferiores a un mes.**

Faise constar que existen os seguintes baleiros legais nas bases sétima e oitava “Baremo de méritos” e “Relación de persoas propostas para nomeamento” que foron interpretados polo Tribunal Cualificador como se detalla a continuación:

Primero. Non se especifica como se baremarán os servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías profesionais nos restantes organismos do sector público. No tocante a este extremo, o Tribunal Cualificador acorda que se proceda a unha aplicación análoga do establecido no apartado 1.4, polo que os servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías profesionais nos restantes organismos do sector público serán puntuados con mediante contratación laboral temporal: 0,06 puntos por cada mes completo.

Segundo. Os servizos realizados como persoal eventual, os servizos suxeitos á



lexislación de contratos do sector público, en réxime de colaboración social, os períodos de prácticas formativas, as becas de colaboración ou de formación non contan como experiencia profesional pero queda recollido que poderán ser tidas en conta no apartado de formación. No tocante a este extremo, o Tribunal Cualificador acorda que, por aplicación análoga do establecido en canto a experiencia profesional, so se terán en conta aqueles períodos de prácticas, bolsas de formación, becas, etc que se houberan presentado acompañadas dun certificado no que figure o número de horas.

Terceiro. Non se especifica o tempo de exposición pública da relación definitiva das persoas aspirantes e pola orde da puntuación obtida aos efectos de presentación de reclamacións. Acordase outorgar un prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións.

Unha vez finalizadas as valoracións, procedese, por parte do Tribunal, a efectuar relación total dos resultados por orde de puntuación obtida de maior a menor puntuación e tendo en conta que, en caso de que exista empate na puntuación, procederá aplicar o establecido na base sétima que rexe o presente proceso selectivo, sendo estes os que seguen:

ASPIRANTES	1. Experiencia (Máx. 90 puntos)				2. Outros méritos (Máx. 10 puntos)	TOTAL (máximo 100 puntos)
	1.1. Mesmo Corpo. Entidade Convocante	1.2. Distinto o Corpo. Entidade Convocante	1.3. Mesmo Corpo. Outra Entidade	1.4. Distinto o Corpo. Outra Entidade		
OLGA VIDAL LORENZO	121,80 (supera máximo)	0	0	0	10 (supera máximo)	(90+10) 100
CONCEPCIÓN POUSADA CARBALLO	41,4	0	57,9 (supera máximo)	0	10 (supera máximo)	(90+10) 100
MARTA DE LA CRUZ ALVAREZ	0	0	46,80	6,72	10 (supera máximo)	63,52
ANA PAZOS LOJO	0	0	45,60	0	2,90	48,50
MARIA GOMEZ DEL RIO	0	0	22,53	0	7,10	29,63
MARIA MANUELA ZAS CASTRO	0	0	9,60	0	4,80	14,40

Cuarto. Producido empate entre dúas aspirantes: OLGA VIDAL LORENZO e CONCEPCIÓN POUSADA CARBALLO, a Base Xeral Sétima das aprobadas no proceso selectivo establece o seguinte:

“No caso de producirse un empate de puntuación entre varios/as aspirantes, o desempate realizarase na seguinte orde: primeiro o/a aspirante con maior puntuación no punto 1.1 . Segundo, de persistir o empate o/a aspirante con maior puntuación no punto 1.2 . Terceiro, de persistir o empate o/a aspirante con



maior puntuación no punto 2.2 . Cuarto, de persistir o empate, a/o de maior idade.”

Polo que resulta que a aspirante con maior puntuación no punto 1.1 é OLGA VIDAL LORENZO con 121,80 puntos, mentres CONCEPCIÓN POUSADA CARBALLO ten 41,40 puntos.

De acordo co anterior, o Tribunal cualificador **ACORDA:**

PRIMEIRO. Facer pública no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello o resultado do proceso selectivo e conceder un prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións, no seu caso.

SEGUNDO. Propor o nomeamento de **OLGA VIDAL LORENZO como “Traballadora Social”**, persoal laboral fixo, Grupo Clasificación II, do Concello de Soutomaíor.

TERCEIRO. Crear unha “Bolsa de emprego de Traballador/a social” coas seguintes aspirantes:

- 1ª. CONCEPCIÓN POUSADA CARBALLO
- 2ª. MARTA DE LA CRUZ ALVAREZ
- 3ª. ANA PAZOS LOJO
- 4ª. MARIA GOMEZ DEL RIO
- 5ª. MARIA MANUELA ZAS CASTRO.”

Establécese un prazo de 5 días hábiles (dende o 28 de novembro ao 4 de decembro de 2023) para que se formulen as reclamacións e emendas que se estimen respecto da baremación.

A Presidenta do Tribunal Cualificador,
Mª Jesús Rodríguez Freire

